



## ANUNCIO

### EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 20.07.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 20 de xullo de 2016**.

1. **Aprobación do borrador da acta** da sesión ordinaria do 13 de xullo de 2016.
2. Dáse de conta da Resolución da Presidenta da Deputación de Pontevedra de data 6 de xullo de 2016, pola que se aproba a xustificación da axuda económica concedida a esta entidade para a *“ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE OBRAS”*.
3. Dáse de conta da publicación no BOPPO do 15 de xullo de 2016, do acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de concesión de subvención para a *“PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA”*.
4. Corrección de erros no acordo relativo á solicitude de subvención ao abeiro da Orde 99/2012 do 16 de marzo, da Conselleira de Traballo e Benestar, pola que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.
5. Dáse de conta da autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en Vigo, ao Concello de Marín para usar a instalación *“Campamento xuvenil Illa de Ons – Bueu” durante o período do 18/08/2016 ó 29/08/2016, de acordo coas condición particulares de uso aceptadas pola referida entidade en documento asinado o 4 de xullo de 2016*.
6. Dáse de conta da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases das subvencións aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a concesión de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria.
7. Dáse de conta da Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases das subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede a súa convocatoria, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo.
8. Aprobación do proxecto *“PAVIMENTACIÓN DA RÚA SAN PEDRO DE ACCESO AO ESTADIO”*.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan